




CPR PLURILINGÜE NOSA SRA. DA ASUNCIÓN
Sarria (Lugo)



GRUPO ED. PRIMARIA
CURSO 2024-2025



HORARIO PROVISIONAL

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2024 - 2025



GRUPO ED. PRIMARIA

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00h.-17:00h.	Informática Taller de Manualidades	Patinaxe Robótica	Taekwondo (15:00 a 16:00)	Ximnasia Rítmica (1º e 2º EP) Baloncesto	Tenis
17:00.-18:00h.	English Party (1º e 2º EP)	Fútbol (1º EP)	English Activities Footgolf Debuxo e pintura	Judo (de 17:00 h. a 18:30 h.) Fútbol (1º EP)	GOLF
18:00.-19:00h.		Fútbol (2º, 3º, 4º, 5º, 6º EP)		Fútbol (2º, 3º, 4º, 5º, 6º EP)	

DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

- As actividades extraescolares darán comezo o 1 de outubro e rematarán o 30 de maio de 2025.
- A duración das actividades será de 1 ou 2 horas á semana, dependendo de cada actividade.
- Os prezos por actividade van reflexados no formulario de inscrición.
- Ofértase a **TARIFA ESPECIAL**: naquelas actividades englobadas dentro de dita tarifa (actividades marcadas cun *), os prezos veranse reducidos en función do número de actividades que sexan seleccionadas:
 - 1 actividade – 14,00 €
 - 2 actividades – 26,00 €
 - 3 actividades – 38, 00 €
- O número mínimo de alumnos/as para levar a cabo a actividade é de 10. (No caso de non saír a actividade informarásenos á maior brevidade posible).
- Os horarios poderán sufrir variacións en función das actividades e dos grupos que saian.

INSCRICIÓNS

- O periodo de inscrición das actividades extraescolares será do 13 ao 20 de setembro (ambos incluídos).
- A inscrición realizarase on line, a través do formulario de inscrición dispoñible na web do colexio.
- Os alumnos/as poderán apuntarse ao número de actividades que desexen.
- Unha vez inscrito os alumnos/as deberán responsabilizarse coa actividade para todo o curso. (Só se levará a cabo a baixa por mor dun motivo maior).
- **NON SE RECOLLERÁN INSCRICIÓNS FÓRA DE PRAZO.**

The background features a light, faded illustration of several children engaged in various activities. On the left, a child is flying a yellow kite. In the center, a child is holding a yellow star. On the right, a child is holding a bunch of colorful balloons. At the bottom, a child is holding a red rose, and another child is standing next to a soccer ball.

INFORMACIÓN DAS ACTIVIDADES QUE SE OFERTAN

GRUPO ED. PRIMARIA



INFORMÁTICA

Actividade a través da que se adquiriran habilidade e experiencia no uso do ordenador. Empregarán as principais aplicacións informáticas sobre procesadores de textos, bases de datos, presentacións graficas..., co obxectivo de facilitar a comprensión e organización de cara aos seus estudos.



DEBUXO E PINTURA

Actividade que fomenta a comunicación, mellora a motricidade e aumenta a autoestima.

Estimula a creatividade, a sensibilidade e mellora a capacidade de concentración e expresión dos nenos/as.



FÚTBOL

Actividade deportiva que mellora a coordinación motora, a capacidade cardiovascular, estimula a velocidade de reacción e incrementa a potencia muscular. Sociabiliza aos nenos/as, inculca o traballo en equipo, e os valores do compañeirismo e a xenerosidade.



XIMNASIA RÍTMICA

(1º e 2º EP)

Actividade deportiva a través da cal se estimula a coordinación, o ritmo e a expresividade. Mellora a flexibilidade e a forza muscular.

Corrixo malas posturas corporais. Aumenta a confianza en sí mesmo, fomenta o equilibrio e a concentración e ensina a importancia do traballo en equipo, o compañeirismo e o respecto polos demais.



PATINAXE

Actividade deportiva que axuda no desenvolvemento do equilibrio e a armonía corporal, a través de movementos e exercicios.

Fomenta o traballo en equipo, o compañeirismo e estimula a súa comunicación.



TALLER DE MANUALIDADES

Actividade artística que axuda no desenvolvemento da súa individualidade e da súa autoestima. Fomenta unha personalidade creativa e inventiva. Estimula a súa comunicación e favorece a expresión, a percepción e a organización.



BALONCESTO

(En colaboración co CB Sarria)


Actividade que permite desenvolver habilidades específicas a través de xogos e exercicios, á vez que se fomenta a autoestima e o desenvolvemento persoal.



ENGLISH PARTY

(1º e 2º EP)

Actividade para aprender o idioma divertíndose e xogando. Fomenta a creatividade. Desenvolve as destrezas comunicativas, a gramática, o vocabulario e a pronunciación. Potencia a relación co idioma e cos demais e desenvolve a autonomía persoal.



ENGLISH ACTIVITIES

(3º, 4º, 5º e 6º EP)

Actividade para aprender o idioma divertíndose e xogando. Fomenta a creatividade. Desenvolve as destrezas comunicativas, a gramática, o vocabulario e a pronunciación. Potencia a relación co idioma e cos demais e desenvolve a autonomía persoal.

Preparación para probas externas coma Trinity, Cambridge...




TAEKWONDO

(En colaboración con AC TAEKWONDO SARRIA)

Actividade que axuda no desenvolvemento corporal a través da arte marcial.

O alumnado desenvolve a práctica da forza, a resistencia e a coordinación mediante os movementos.



JUDO

(En colaboración co Clube Senra)

Actividade que favorece o desenvolvemento do aparello motriz, da forza, da coordinación, velocidade, flexibilidade e equilibrio do alumno/a. Desenvolve o autocontrol, estimula a toma de decisións rápidas e decisivas. Transmite e ensina valores: respecto, tolerancia, motivación, autoestima compañeirismo, solidariedade, traballo en equipo...



TENIS

(En colaboración con AMR Clube tenis Sarria)

Actividade deportiva beneficiosa a nivel físico, mental e social.

Mellora a coordinación motriz, desenvolve a velocidade, aumenta o equilibrio, así coma é beneficiosa nas habilidades sociais: aumenta a autoestima, o control das emocións, o respecto, aprender a perder, a empatía, o traballo en equipo...



FOOTGOLF

(En colaboración con El Pilar- Sarria)

Actividade deportiva que fusiona as normas básicas o golf coa técnica e a dinámica de fútbol.

Fomenta o exercicio físico, o desenvolvemento de habilidades psicomotoras, o traballo en equipo e os valores sociais.

Dita actividade levarase a cabo no campo de golf El Pilar.



ROBÓTICA

Actividade que fomenta a comunicación, o traballo en equipo e o desenvolvemento da creatividade.

Desperta o interese pola tecnoloxía, a robótica e outras áreas

STEAM dunha forma lúdica.



GOLF

(En colaboración co Club de Golf El Pilar Sarria)

Dita actividade levarase a cabo no campo de golf El Pilar

Actividade deportiva beneficiosa a nivel físico, mental e social.

Favorece o desenvolvemento físico e mental., a coordinación, a posición e o equilibrio, a xestión da respiración e a concentración e facilita a sociabilización.



CPR PLURILINGÜE NOSA SRA. DA ASUNCIÓN
Sarria (Lugo)

